

# GUÍA PARA ACCEDER E OPERAR EN CRONOS WEB

[A plataforma en liña do Servizo Municipal de Deportes]



0	PASO PREVIO: ALTA NO REXISTRO .....	1
1	IDENTIFICACIÓN EN CRONOS WEB .....	1
2	A MIÑA CONTA .....	5

## 0 PASO PREVIO: ALTA NO REXISTRO

### PASO PREVIO: ALTA NA PLATAFORMA

Para poder usar a plataforma Cronos Web é necesario estar previamente de alta na mesma.

Esta **alta inicial** farase **de xeito presencial** no **registro do Palacio de Deportes de Riazor**, presentando o DNI ou documento identificativo análogo (NIE, pasaporte, etc.), e indicando un enderezo de correo electrónico, que será o que permita posteriormente o acceso á plataforma en liña.


## 1 IDENTIFICACIÓN EN CRONOS WEB

### [1.1] ACCESO Á CRONOS WEB

Acceder á páxina de Cronos Web para a formalización de inscricións en liña a través da ligazón inserida na web de Deportes ou da enviada por correo electrónico, se é o caso, e unha vez nesa páxina, premer no botón **“Identificación cidadanía”**.



 <b>Identificación cidadanía</b> Inicia sesión con Google, Facebook / Instagram, Twitter, Certificado o coa túa conta de usuario do Concello da Coruña	 <b>Entrar sen identificarse</b> Poderas comprar entradas, bonos e realizar aluguer de instalacións
--	---



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

O CONCELLO EN RRSS

f t

Idiomas:

Atención á cidadanía

- Servizo de atención telefónica 010
- Suxestións e reclamacións
- Cita previa

Trámites e servizos

- Empadramento, normas e do volante ou certificado
- Como pagar?
- Tarxeta Bus Millennium Xeral

## [1.2] REXISTRO NO SSO DO CONCELLO DA CORUÑA

Para que a identificación sexa válida, cómpre rexistrarse no Single Sign On (SSO) do Concello da Coruña e iniciar a sesión.

É posible que xa teñamos unha conta (pois o SSO serve tamén para outros servizos municipais), pero para que funcione na plataforma de Cronos web o correo electrónico ten que ser o mesmo que consta no rexistro de Deportes, indicado no momento da alta inicial.



The screenshot shows the login interface for 'Deportes Coruña'. At the top, there is a header with the Concello da Coruña logo and the text 'Concello da Coruña'. Below this, the page title is 'Iniciar sesión' with a language selector 'Galego v'. The main content area is titled 'Deportes Coruña' and contains the text 'Unha única conta para todos os servizos do concello' and 'Elixe o medio de identificación'. There are five buttons for different login methods: Google, Facebook, Apple, Twitter, and Cert. dixital / cl@ve. Below these is a section 'Ou inicia sesión con o teu correo' with a label 'Enderezo electrónico' and an empty input field. At the bottom, there is a blue button 'Iniciar sesión' and a grey button 'Usuario novo? [Rexístrate](#)'. Two arrows point to the input field and the 'Rexístrate' button.

A continuación, deberase iniciar sesión para poder acceder á formalización da matrícula mediante unha pantalla como a da esquerda.

Haberá que **rexistrarse previamente**, se non se fixo antes.

**IMPORTANTE:** A conta de correo debe ser a mesma que consta no rexistro de Deportes. Por este motivo, no caso de dúbidas, recomendamos contactar para verificalo.

Para iniciar sesión, se xa estamos rexistrados no SSO.

Se non temos unha conta xa creada, deberase pinchar en **“Rexístrate”** e pasarase a unha pantalla como a da seguinte páxina.

Formulario para a creación da conta no SSO do Concello da Coruña:

### Crea a túa conta

Cubre o formulario con algúns datos básicos. Poderalos cambiar máis adiante se o desexas.

Correo electrónico (\*)

Elixo o teu contrasinal de acceso (\*)

Repite o contrasinal (\*)

Nome (\*)

Apelidos (\*)

Alias (\*)


Móbil

Ao rexistrarte aceptas os [termos e as condicións de uso](#)

**NOTA:** O correo electrónico debe ser o mesmo que se indicou no momento de darse de alta de xeito presencial no rexistro. Recomendamos prestar atención a introducilo correctamente así como cumprimentar o dato do teléfono móbil.

Unha vez cumprimentado o formulario, prémese en “*Crear unha conta*” e procédease a iniciar a sesión.


Abrirase unha pantalla como a seguinte:



Deberá escollerse o método de identificación que se prefira e seguir os pasos para iniciar a sesión.


A partir de aquí, xa entramos na propia plataforma de Cronos web, onde poderemos operar segundo o que desexemos facer.

**Alugueres**



Pádel

**Clases - Inscripción**



Alta en Natación prenatal

**Información para Natación Prenatal**


Para poder darse de alta nas actividades é necesario que a persoa esté rexistrada previamente na plataforma Cronos. Para iso deberá persoarse no rexistro do Palacio de Deportes de Riazor co seu DNI ou documento análogo en vigor.

Para formalizar a inscrición na actividade, ademais de efectuar o pagamento (con tarxeta), será imprescindible presentar a seguinte documentación:

> Folla de inscrición cuberta e asinada (Pode descargala no apartado de Natación prenatal da web municipal [www.deportes/gal](http://www.deportes/gal))


## 2 A MIÑA CONTA

Para poder consultar as reservas feitas ou as clases onde se ten feito a matrícula, haberá que ir a **“A miña Conta”**, pinchando no despregable, ao lado do nome.



Accederase a unha pantalla como a seguinte:

A miña conta



Pinchando na icona correspondente, pódese consultar a información.